

RESOLUCIÓN

Orde do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de persoas creadoras galegas en residencias literarias fora de Galicia (código de procedemento CT215D)

Mediante Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 12 de xullo de 2023 (DOG núm. 142, do 27 de xullo de 2023) aprobáronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións para a participación de persoas creadoras galegas en residencias literarias fóra de Galicia.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, e realizados os trámites previstos na referida orde, a comisión de avaliación constituída ao abeiro do artigo 16 da orde de bases reguladoras e convocatoria avaliou os méritos dos solicitantes admitidos de acordo cos criterios establecidos no seu artigo 17.

Á vista da acta da comisión de avaliación, a subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro formulou o 13.11.2023 a proposta de resolución, segundo o establecido no artigo 19 da orde de bases reguladoras e convocatoria.

Ao abeiro do disposto no artigo 19 da citada resolución, é competente para resolver este procedemento o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Esta competencia está delegada no director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en virtude do disposto na letra o) do punto primeiro da Orde do 29 de xullo de 2022, de delegación de competencias nos órganos superiores e de dirección e nas xefaturas territoriais desta consellería.

De acordo con todo o indicado, con base na proposta de resolución formulada pola titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro e de conformidade co establecido no artigo 19 da orde de bases e convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas no procedemento que figuran no anexo I por orde de prelación segundo a puntuación outorgada pola comisión de avaliación dos proxectos.

Segundo. Nomear como persoas adxudicatarias das subvencións ás persoas que figuran no anexo I segundo o orde de prelación establecido pola puntuación outorgada pola comisión de avaliación de proxectos.

Terceiro. Conceder as subvencións, segundo establece o artigo 7 da orde de convocatoria, aos tres proxectos solicitados segundo se indica no anexo II.





O importe total concedido é de 2.803,42€ con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432A.781.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. Detállanse os importes correspondentes a cada persoa beneficiaria.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición-contencioso administrativa. En todo caso, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza o rexeitamento presunto do recurso de reposición.

Notifíquese a todas as persoas interesadas segundo o disposto na base vixésima da resolución de bases e convocatoria.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D (PD. Orde 29.07.2022, DOG núm 151 do 09.08.2022)

O director xeral de Cultura,
Anxo M. Lorenzo Suárez





ANEXO I. LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

Solicitante		<i>Perfil da entidade ou institución para a cal se solicita a estada (máx. 30 puntos) Artigo 17.2.1</i>	<i>Perfil da persoa creadora candidata, carta de motivación e a proposta do proxecto a desenvolver (máx. 30 puntos) Artigo 17.2.2</i>	<i>Alcance do programa respecto ás prestacións técnicas, aspectos formativos e práctica creativa e/ou de investigación (máx. 20 puntos) Artigo 17.2.3</i>	<i>Coherencia formal e eficiencia económica da solicitude (máx. 20 puntos) Artigo 17.2.4</i>	Total (máximo 100 puntos)
Nome e apelidos	DNI					
Yolanda Castaño Pereira	***0007**	26	28	15	18	87
Jesús Castro Yáñez	***5905**	24	22	16	16	78
Blanca Riestra Rodríguez Losada	***1526**	28	24	10	10	72

ANEXO II. CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

Solicitante		Título do proxecto	Residencia	Subvención solicitada	Subvención concedida
Jesús Castro Yáñez	***5905**	Tradución ao galego de <i>Autobiography of Red</i> de Anne Carson	HEKTOR: farm, arts & suits (Teguise, Lanzarote)	1.330,00 €	1.064,00 €
Blanca Riestra Rodriguez losada	***1526**	<i>Tritón</i>	Fundación Valparaíso (Mojacar-Almería)	1.497,88 €	1.198,30 €
Yolanda Castaño Pereira	***0007**	<i>Economía e poesía: Rimas internas</i>	International Lake Publishing House (Bursa – Turquía)	676,40 €	541,12 €

